

# OS ESQUELETOS DIVERTIDOS

Texto e ilustracións de JANET & ALLAN AHLBERG

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 20,5 x 26,5 cm. 32 páx. 15 €.

Con tinta fosforescente na cuberta.

**Os esqueletos divertidos** (galego)

ISBN 978-84-8464-384-5. Tras os montes.

**¡Qué risa de huesos!** (castelán)

ISBN 978-84-8464-385-2. Clásicos contemporáneos.

**Els esquelets divertits** (catalán)

ISBN 978-84-16804-49-8. Clàssics contemporanis.

*Así é como comeza o conto.*

*Nun escuro, escurísimo outeiro,*

*había unha escura, escurísima vila.*

*Nesa escura, escurísima vila,*

*había unha escura, escurísima rúa.*

*Nesa escura, escurísima rúa,*

*había unha escura, escurísima casa...*

“Os esqueletos divertidos” é unha divertida historia protagonizada polos esqueletos dun home, dun neno e dun can que saen unha noite a pasear e a asustar xente. Lonxe de infundir medo, son personaxes simpáticos e alegres que o pasan ben -e os lectores canda eles- xogando, cantando e ata atemorizándose os uns aos outros. Pero os dous primeiros son tan despistados que para reconstruíren os ósos desmontados da súa mascota arman un tremendo, cómico e melódico lío.

Partindo dunha chamativa portada que brilla na escuridade, o gran sentido do humor que desprende este libro refórzase tamén mediante a repetición de fórmulas narrativas, o uso de palabras que acentúan o clima pretendidamente lúgubre do relato, ou o carácter progresivo -en sentido ascendente e descendente- das accións para potenciar a tensión e a intriga. Trátase, pois, dunha historia ideal para ser lida ou contada con certa dramaturxia.

A pesar de que as aventuras deste trío de caveiras transcorren nas tebras, as ilustracións destacan polo seu variado e intenso colorido, ocupando toda a páxina ou dispostas en viñetas onde os protagonistas toman a palabra para interpelarse ou entoar cancións, creando así un nivel de lectura paralelo á narración omnisciente.



■ **Temática:** conto de medo e de humor.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** os ósos do corpo, anatomía; xogos, cancións; cómic; os elementos gráficos da cuberta brillan na escuridade.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/os-esqueletos-divertidos-g>

## Janet Hall

(Yorkshire, Inglaterra, 1944 - 1994)

## Allan Ahlberg

(Croydon, Inglaterra, 1938)

Coñecéronse nun curso de formación do profesorado e casaron en 1969. Xuntos crearon uns 40 libros infantís escritos por el e ilustrados por ela, que recibiu en dúas ocasións a Medalla Kate Greenaway. Dende a publicación dos seus primeiros traballos en 1976, foron autores de éxito, con millóns de exemplares vendidos, ata o falecemento de Janet. Allan produciu máis de 150 obras, algunhas ilustradas pola filla de ambos, Jessica Ahlberg.

